

## PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 28 de agosto de 2020, de *APROBACIÓN DA RELACIÓN DE CONCELLOS SELECCIONADOS PARA PARTICIPAR COMO ENTIDADES COLABORADORAS NO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA "O TEU PRIMEIRO EMPREGO" NOS CONCELLOS 2020 (EXPT. Nº 2020024980) (BOPPO nº 172 do luns, 7 de setembro de 2020)* no que o Concello de Meis foi seleccionado como entidade colaboradora no citado programa,

### DISPOÑO:

- Incóese expediente para a contratación en prácticas de **1 persoa demandante de emprego desempregada ou coa tarxeta de mellora de emprego** inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia e que cumpra os seguintes requisitos:
  - ✓ Que estea en posesión da titulación de **DIPLOMATURA EN XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA**, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional.
  - ✓ Que no momento da contratación non transcorresen máis de cinco anos, ou máis de sete cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos.
  - ✓ Que non teñan experiencia laboral previa na titulación obxecto do contrato (nos grupos de cotización 1 ou 2 para titulacións universitarias e nos grupos 3 ou 5 para ciclos superiores) ou non estivese dada de alta como persoa autónoma en actividades relacionadas coa titulación, por un tempo superior a 6 meses ou 182 días.
  - ✓ Que non estivese contratada en prácticas por un tempo superior a 6 meses nin esta contratada en prácticas no momento da selección (que se inicia coa presentación da correspondente oferta no SEPE) nalgún dos programas de "O teu primeiro emprego".
  - ✓ O ámbito de busca de emprego de cada concello non poderá superar o nivel provincial.
- O contrato a formalizar será na modalidade de contrato en prácticas (M-420), a xornada completa de 37,5 horas semanais, por un período inicial de 6 meses, clasificado no grupo 2.
- Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como os criterios de selección que figuran no punto 3 do ANEXO V das BASES DO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA "O TEU PRIMEIRO EMPREGO" NOS CONCELLOS 2020 (BOPPO nº 117 do venres, 19 de xuño de 2020).

Documento asinado electronicamente á marxe.

